


BOLETIN OFICIAL



PARLAMENTO DE GALICIA

II LEGISLATURE
1987

Ano VI

N.º 171

16 de setembro de 1987

V. PROCEDIMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

a. MOCIÓN DE CENSURA

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, para esixir responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros (n.º 7.828). 3578

V. PROCEDIMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

a. MOCIÓN DE CENSURA

PRESIDENCIA

A Mesa do Parlamento en reunión celebrada o día 15 de setembro de 1987, de conformidade co disposto no artigo 138.2 do Regulamento da Cámara, admitiu a trámite a Moción de censura para esixir responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros, presentada na devandita data e subscrita polos 22 Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia (documento n.º 7.828), que inclúe a D. Fernando González Laxe como candidato á Presidencia da Xunta.

Na súa virtude e ó abeiro do disposto nos artigos 65 e 138 do Regulamento da Cámara (B.O.P.G. n.º 150) ordeñase a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 1987.

O PRESIDENTE
Tomás Pérez Vidal

Á Mesa do Parlamento

Os Deputados abaixo assinantes, pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, tendo en conta o disposto nos artigos 10.1, 15.4 e 17 do Estatuto de Autonomía e nos artigos 43 e 44 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e ó amparo do establecido nos artigos 137 e 138 do Regulamento do Parlamento, polo presente escrito, solicitan que o Parlamento de Galicia esixa a responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros mediante a adopción dunha Moción de censura que inclúe a D. Fernando González Laxe como candidato á Presidencia da Xunta e que se motiva nas seguintes consideracións:

1.º A falta de credibilidade do actual Presidente da Xunta e do seu Goberno no tocante á consolidación e profundización da Autonomía de Galicia.

2.º A carencia de dirección política e de estabilidade gubernamental no Executivo galego, coa conseguinte deixación do compromiso presidencial de dirixir e coordena-la acción do Goberno.

3.º A crecente perda da dignidade institucional de Galicia e da súa proxección interior e exterior por mor

da renuncia a desenvolver un programa político de goberno minimamente serio.

4.º A insensibilidade da Xunta e do seu Presidente verbo da cohesión económica e social de Galicia e da vertebración territorial galega cara a corrixi-los desequilibrios e desigualdades económicas e sociais.

5.º A ausencia dun programa de desenvolvemento económico sostido e integrado respecto dos procesos de axuste e adaptación nesesarios dada a situación económica actual e a incorporación á C.E.E.

6.º A inoperancia da Xunta no tocante á culminación do proceso de transferencias que ten que recibila Comunidade Autónoma.

7.º O nulo desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha rigorosa política de benestar social e de dinamización lingüística e cultural.

8.º O desacougo e intranquilidade que lles transmite a Xunta de Galicia á sociedade galega e ós seus axentes económicos e sociais.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó mesmo tempo que motiva a Moción de censura nas anteditas consideracións, afirma a súa rotunda vontade de lle poñer fin á inestabilidade política de Galicia e de servila a través dun proxecto anovador que ilusione á cidadanía galega, que lle transmita confianza á sociedade galega e que contribúa a recuperar a dignidade política e institucional á que Galicia é merecente de seu.


O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, consciente da súa responsabilidade e do seu deber como forza política que conta co maior número Deputados no Parlamento, aspira a presentar un proxecto alternativo de Goberno para aborda-los problemas más cruciales de Galicia e para formalizar un Goberno serio e estable, consistente e anovador que lle ofreza á nosa nacionalidade histórica a necesaria confianza para encara-lo resto da lexislatura sen crispacións e fustigamentos.

Parlamento de Galicia, 15 de setembro 1987.

Asdo.: Gonzalo Adrio Barreiro
Miguel Barros Puente

Ramón Félix Blanco Gómez
Manuel Blanco Suárez
Antonio Campos Romay
Antonio Carro Fernández-Valmayor
Alfredo Conde Cid
Manuel Couce Pereiro
Ceferino Díaz e Díaz
Antonio Gato Soengas
José Giráldez Maneiro
Francisco González Amadiós

Fernando González Laxe
Fernando Martínez González
Jesús Mosquera Sueiro
José Nogueira Fernández
Xulio Pardellas de Blas
Ismael Rego González
Pablo Sande García
Antolín Sánchez Presedo
Xavier Suances Pereiro
Manuel Veiga Pombo
Deputados



PUBLICACIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Vol. 0	Regulamento do Parlamento de Galicia
Vol. 1	Estatuto de Autonomía de Galicia Lei da Sede das Institucións Autonómicas Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente
Vol. 2	Lei de normalización lingüística
Vol. 3	Lei de limitacións á propiedade nas estradas non estatais de Galicia
Vol. 4	Lei de recoñecemento da galegideade Lei de Fundacións de interéss galego Lei do Consello da Cultura Galega
Vol. 5	Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1982 Lei para o incremento dos tipos de taxas de contía fixa Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1983
Vol. 6	Lei de sanidade escolar
Vol. 7	Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia
Vol. 8	Lei reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia Proposición de Lei da terceira canle de televisión Lei da Compañía de Radio-Televisión de Galicia
Vol. 9	Lei do Valedor do Pobo Lei de símbolos de Galicia
Vol. 10	Lei do Fondo de Compensación Financeira Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para 1984 Lei de asignación de recursos fixados polo R.D. Lei 3/1984 á C.A. de Galicia Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para 1985
Vol. 11	Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia Lei de gastos electorais
Vol. 12	Lei de ordenación da pesca Lei de ordenación marisqueira Lei de sancións en matéria pesqueira, marisqueira e cultivos mariños

**Distribúe
GALAXIA
Reconquista, 1 - Vigo
Teléfono (986) 218204**

**De venda
en librerías**